



Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra
Departamento de Exportadores. Edificio da Lonxa– Porto de MARÍN, 36900 MARÍN (PONTEVEDRA)
CIF: G-36593606 Tfn. 886 21 30 15 gacpontevedra@gmail.com

Asunto. Solicitud de oferta económica e técnica para Asistencia Técnica de análise do sector pesqueiro e impacto da EDLP no sector.

Procedemento de contratación: Abreviado.

Importe máximo: 8.500 € + IVE

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra foi recoñecido como entidade colaboradora coa Consellería do Mar para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014 – 2020.

A actuación do Grupo debe contribuir ao desenvolvemento do territorio a partir das previsións da súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo. Co obxecto de comprobar o cumprimento dos obxectivos previstos, estando a piques de completarse o período de execución dos fondos FEMP, o GALP debe realizar un exercicio de avaliación e seguimento da labor desenvolvida neste período. Tendo en conta que máis do 50 % do orzamento da EDLP orientouse cara o sector pesqueiro, cómpre realizar un análise cualitativo do impacto que a EDLP tivo no Sector pesqueiro do territorio de forma particular.

O GALP, en tanto que entidade que xestiona fondos públicos – cofinanciados pola Unión Europea – debe realizar os procedementos de contratación con suxeición a procedementos que sigan os principios que inspiran a lexislación vixente sobre contratación pública e se axusten aos Regulamentos Comunitarios de aplicación e ás orientacións da Comisión europea en relación co bo uso dos Fondos e a prevención do fraude.

Ademais, no relativo á contratación, a cláusula sétima do Convenio de Colaboración establece as regras e principios xerais que rexerán en materia de contratación que é desenvolvido por diferentes instrucións ditadas con posterioridade. No intre actual está en vigor a Instrución nº 11 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro sobre os procedementos de contratación dos GALPs.

Por este motivo o Grupo solicita a súa mellor oferta para a realización dunha Asistencia Técnica que ten coma obxectivo de análise do sector pesqueiro e impacto da EDLP no sector.

Obxecto da Asistencia Técnica.

En particular, o traballo da asistencia técnica dará resposta aos seguintes obxectivos:

1. Afondar no coñecemento do sector pesqueiro extractivo da Ría de Pontevedra así como no acuícola, comercializador e transformador con especial incidencia na súa evolución





CIF: G-36593606

Departamento de Exportadores. Lonxa de Marín – Porto de MARÍN
36900 MARÍN (PONTEVEDRA)

Tfno. 886 21 30 15



ao longo do último período de funcionamento do FEMP (2014 – 2020, extendido ata 2022).

Incluirase tamén a revisión da traxectoria histórica do sector e artes de pesca.

Farase especial fincapé no dimensionamento actual do sector: número de embarcacións por tipoloxía e arte de pesca e agrupamento de datos a nivel de porto e de pesca costeira artesanal.

Así mesmo, incluírase unha análise de tipoloxía e cantidades de especies capturadas analizadas en función do tipo de flota e PERMEX e porto pesqueiro.

No que se refire á comercialización, analizarase as canles de comercialización e loxística das capturas e acuicultura do territorio.

2. Analizar a súa situación económica, laboral e competitiva así como a súa evolución no tempo.
3. Estudio cualitativo das liñas de actuación de maior impacto desenvolvidas ao abeiro das EDLPs.
4. Análise de oportunidades e retos de futuro.
5. Prospectiva de exemplos de proxectos de éxito de valorización do sector e os seus produtos.

Información recadada.

Toda a información recadada será propiedade do GALP Ría de Pontevedra, sen posibilidade de que a asistencia técnica a poida empregar para ningún outro traballo.

Os resultados deste traballo deberán achegarse en informes que se presentarán en formatos editables (archivos de texto e follas de cálculo) así como documentos finais en formato Pdf e impresos segundo proceda. Así mesmo elaborárase materiais divulgativos e multimedia cuxo detalle será parte integrante da oferta do adxudicador.

Así mesmo organizarase unha xornada de difusión dos resultados na data e formato a decidir coa Xunta Directiva.

Criterios de adxudicación.

A adxudicación realizarase a oferta máis vantaxosa economicamente de acordo cos seguintes criterios:





CIF: G-36593606

Departamento de Exportadores. Lonxa de Marín – Porto de MARÍN
36900 MARÍN (PONTEVEDRA)

Tfno. 886 21 30 15



- Prezo. Oferta máis económica (75 puntos). Outorgarase puntuación proporcional as restantes.
- Oferta técnica: calidade técnica, detalle e coherencia da proposta (10 puntos), con especial interese no detalle e oferta dos materiais divulgativos e multimedia que se acheguen (10 puntos) e prazo de execución (5 puntos).

En caso de empate na puntuación obtida, preferencia para empresas con acreditación de sostibilidade ou socialmente responsables e, en caso de novo empate, empregaranse por orde os criterios de desempate da lei de contratos públicos, segundo se describe no seu artigo 147.1.

Prazo de execución.

A execución desta actividade ten un prazo máximo de execución de dous meses e, en todo caso, deberá estar finalizado antes do 15 de setembro de 2022.

Prazo de presentación das ofertas.

O prazo para a presentación de ofertas é de dez días naturais.

Contido da oferta.

A oferta deberá incluír:

1. Proposta técnica. Na oferta deberá especificarse os produtos resultantes da asistencia técnica e os seus formatos así coma o cronograma de execución.
2. Orzamento desagregado.
3. Anexo III Declaración responsable do licitador.
4. Acreditación da capacidade de contratar coa administración de correspondencia do obxecto social da empresa co obxecto do contrato.

VALORACIÓN DAS OFERTAS.

A Comisión de Contratación do GALP Ría de Pontevedra será a responsable de avaliar as proposicións presentadas e adxudicar a contratación, poderá apoiarse en técnicos externos con voz pero sen voto.





Departamento de Exportadores. Lonxa de Marín – Porto de MARÍN
36900 MARÍN (PONTEVEDRA)

CIF: G-36593606

Tfno. 886 21 30 15



Transcorrido o prazo de presentación de ofertas, a Comisión de Contratación adoptará a decisión de adxudicación, de acordo cos criterios do baremo apuntados no presente prego. A non presentación dalgún dos documentos esixidos dará lugar á non admisión definitiva.

OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.-

- a) O adxudicatario queda obrigado a cumprir aos extremos a proposta presentada e valorada.
- b) O adxudicatario comprométese, a fin de facilitar o control e seguimento da execución do contrato ao envío de informes da evolución do proxecto con tempo suficiente para a verificación por parte do equipo técnico do GALP Ría de Pontevedra.
- c) O adxudicatario levará a cabo o servizo con absoluta profesionalidade coa debida dilixencia.
- d) O adxudicatario recoñece expresamente que toda a documentación e traballos realizados, aos que tivera acceso por razón da presentación obxecto do presente contrato, son exclusiva propiedade da entidade contratante, polo que non poderá aplicalos ou empregalos para un fin distinto.
- e) O resultado do traballo realizado, na súa totalidade ou en calquera das súas fases, así como calquera produto resultante serán propiedade do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Pontevedra.
- f) Os dereitos e obrigacións do presente contrato non poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro.
- g) A empresa cumprirá todos os protocolos COVID que estean establecidos no momento da realización do obxecto do contrato.

PAGOS.-

O pago do prezo efectuarase da seguinte forma:

Aboarase o 80% do orzamento unha vez que se remate o traballo de investigación e entregados os resultados e o 20% restante unha vez realizada a xornada de exposición e entrega de materiais divulgativos e multimedia.

O pago será realizado mediante transferencia bancaria, previa presentación da factura ou facturas correspondentes asinadas dixitalmente, así como toda a documentación acreditativa da realización do traballo.

Coa factura/s enviarase un informe/s onde se indiquen: as actividades realizadas e os obxectivos de cada unha delas, a cantidade de participantes (especificando o número de participantes por xénero), os resultados obtidos coas actividades, fotos das actividades e todo o que se crea que é de importancia para a correcta descrición da asistencia técnica.

Eses gastos serán aboados por transferencia bancaria o antes posible, segundo a dispoñibilidade orzamentaria do GALP Ría de Pontevedra.

Nos prezos da oferta enténdese que os licitadores incluíron todos os importes que corresponden ao desempeño dos traballos obxecto do contrato especificados no presente prego. En consecuencia, o adxudicatario non poderá esixir o pago de cantidade algunha por outros conceptos.





CIF: G-36593606

Departamento de Exportadores. Lonxa de Marín – Porto de MARÍN
36900 MARÍN (PONTEVEDRA)
Tfno. 886 21 30 15

Cláusula de protección de datos

Tratamento dos datos de carácter persoal

Por tratamento de datos de carácter persoal entenderase calquera operación ou conxunto de operacións realizadas sobre datos persoais ou conxuntos de datos persoais, xa sexa por procedementos automatizados ou non, como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso, cotexo ou interconexión, limitación, supresión ou destrución que afecten a calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables.

- Información sobre o tratamento:

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados para a xestión do proceso de licitación e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (RXPDP) e na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de xestión do proceso de licitación e a posterior execución do contrato, con base na aplicación de medidas precontractuales a petición do interesado, así como no cumprimento de obrigacións legais por parte do responsable do tratamento.

Os datos poderán ser comunicados a administracións públicas competentes na materia obxecto de licitación ou no control e fiscalización da actividade do GALP da Ría de Pontevedra. Así mesmo, os datos poderán ser obxecto de publicidade, de acordo co disposto nas presentes bases, a través do taboleiro de anuncios e a páxina web do GALP da Ría de Pontevedra.

Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dicha finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa sobre subvencións públicas.

O interesado pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra, en Departamento exportadores 14, Porto de Marín, 14 - 36900 Marín (Pontevedra). Email: gacpontevedra@gmail.com, así como, no seu caso, a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

- Normas como encargado do tratamento:

No caso de que o contrato implique tratamento de datos de carácter persoal ou o acceso da empresa contratista ou subcontratista a datos dese carácter, o acceso por parte do contratista aos datos persoais que resulten necesarios para a prestación do servizo ao responsable non se considerará comunicación de datos sempre que se cumpra o establecido no Regulamento (UE) 2016/679, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e nas súas normas de desenvolvemento. Deberán seguirse as seguintes regras:

1. O contratista deberá ofrecer garantías suficientes para aplicar medidas técnicas e organizativas apropiadas, de maneira que o tratamento de datos de carácter persoal sexa conforme cos requisitos do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos ou RGPD), e garanta a protección dos dereitos do interesado. En particular, o contratista deberá ofrecer garantías suficientes para aplicar as medidas que deban implantarse en caso de tratamento de datos persoais para evitar a súa perda, alteración ou acceso non autorizado,





CIF: G-36593606

Departamento de Exportadores. Lonxa de Marín – Porto de MARÍN
36900 MARÍN (PONTEVEDRA)

Tfno. 886 21 30 15



adaptando os criterios de determinación do risco no tratamento dos datos ao establecido no artigo 32 do Regulamento (UE) 2016/679.

2. O contratista encargado do tratamento non recorrerá a outro encargado sen a autorización previa por escrito, específica ou xeral, do responsable. Neste último caso, o encargado informará o responsable de calquera cambio previsto na incorporación ou substitución doutros encargados, dando así ao responsable a oportunidade de opoñerse aos devanditos cambios.

3. O tratamento polo contratista rexeráse por un contrato que vincule ao encargado respecto do responsable de conformidade co establecido no art. 28 do Regulamento (UE) 2016/679 que estableza o obxecto, a duración, a natureza e a finalidade do tratamento, o tipo de datos persoais e categorías de interesados, e as obrigacións e dereitos do responsable.

O devandito contrato, que constará por escrito, inclusive en formato electrónico, estipulará, en particular, que o encargado:

a) tratará os datos persoais unicamente seguindo instrucións documentadas do responsable, inclusive con respecto ás transferencias de datos persoais a un terceiro país ou unha organización internacional, salvo que estea obrigado a iso en virtude do Dereito da Unión ou dos Estados membros que se aplique ao encargado; en tal caso, o encargado informará o responsable desa esixencia legal previa ao tratamento, salvo que tal Dereito prohiba por razóns importantes de interese público;

b) garantirá que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprometéronse a respectar a confidencialidade ou estean suxeitas a unha obrigación de confidencialidade de natureza estatutaria;

c) tomará todas as medidas necesarias de conformidade co artigo 32 do Regulamento (UE) 2016/679.

d) asistirá ao responsable, tendo en conta a natureza do tratamento, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, sempre que sexa posible, para que este poida cumprir coa súa obrigación de responder as solicitudes que teñan por obxecto o exercicio dos dereitos dos interesados establecidos na normativa vixente.

e) axudará ao responsable para garantir o cumprimento das obrigacións establecidas nos artigos 32 a 36 do Regulamento (UE) 2016/679, tendo en conta a natureza do tratamento e a información ao dispor do encargado;

f) a elección do responsable, suprimirá ou devolverá todos os datos persoais unha vez finalice a prestación dos servizos de tratamento, e suprimirá as copias existentes a menos que se requira a conservación dos datos persoais en virtude da lexislación vixente.

g) poñerá ao dispor do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das obrigacións establecidas no presente apartado, así como para permitir e contribuír á realización de auditorías, incluídas inspeccións, por parte do responsable ou doutro auditor autorizado polo devandito responsable.

No caso de que o contratista encargado do tratamento recorra a un terceiro encargado para levar a cabo determinadas actividades de tratamento por conta do responsable, impoñerá a este outro encargado, mediante contrato, as mesmas obrigacións de protección de datos que as estipuladas no contrato entre o responsable e o contratista, en particular a prestación de garantías suficientes de aplicación de medidas técnicas e organizativas apropiadas de maneira que o tratamento sexa conforme coas disposicións do Regulamento (UE) 2016/679. Se esoutro encargado incumpre as súas obrigacións de protección de datos, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable do tratamento polo que respecta ao cumprimento das obrigacións do outro encargado. O contratista encargado do tratamento ou, no seu caso, os seus representantes, deberá manter o rexistro de actividades de tratamento ao que se refire o artigo 30 do Regulamento (UE) 2016/679, salvo que sexa de aplicación a excepción prevista no seu apartado 5.



Departamento de Exportadores. Lonxa de Marín – Porto de MARÍN
36900 MARÍN (PONTEVEDRA)

CIF: G-36593606

Tfno. 886 21 30 15



Marín a 15 de xuño de 2022

Asdo. Laura Nieto Zas
Xerente do GALP Ría de Pontevedra